

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

APROBACIÓN DO ACORDO REGULADOR DO ESTABLECEMENTO E ORDENACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS EN RELACIÓN A ACTIVIDADES DEPORTIVAS DIRIXIDAS FÓRA DA AUGA, IMPARTIDAS PARA COMPLETAR A OFERTA DE SERVIZOS DA PISCINA CLIMATIZADA

Aprobación do Acordo regulador do establecemento e ordenación de prezos públicos en relación a actividades deportivas dirixidas fóra da auga, impartidas para completar a oferta de servizos da piscina climatizada

O Pleno do Concello de Xinzo de Limia, na sesión do 08/08/2024, tomou o acordo do seguinte teor literal:

“(…) Primeiro. Aprobar o acordo regulador para o establecemento de prezos públicos en relación a actividades deportivas dirixidas fóra da auga, impartidas para completar a oferta de servizos da piscina climatizada do seguinte teor literal:

“Acordo regulador do establecemento e ordenación de prezos públicos en relación ás actividades deportivas dirixidas fóra da auga, impartidas para completar a oferta de servizos da piscina climatizada

Artigo 1.º Fundamento legal

Entre as competencias propias das corporacións locais, recollidas no artigo 25 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, encóntrase a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. Por ese motivo o Concello de Xinzo de Limia establece o prezo polo servizo das actividades dirixidas impartidas nas instalacións municipais.

Faino ca base do artigo 84.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como nos artigos 41 a 47 e 127 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Artigo 2.º Obxecto

É obxecto da presente establecer o prezo público polo servizo das actividades deportivas dirixidas fóra da auga, impartidas para completar a oferta de servizos da piscina climatizada, e remitímonos en canto á ordenación da actividade, ao Regulamento do réxime interno da piscina climatizada municipal.

Artigo 3.º Obrigados ao pago

Estarán obrigadas ao pago do prezo público todas as persoas que utilicen o servizo.

A obriga de pago nace desde o momento no que se solicite o uso da actividade dirixida. As débedas polos prezos públicos porán esixirse polo procedemento administrativo de prema.

Artigo 4.º A contía do prezo público pola utilización do servizo de actividades dirixidas dous días á semana establécese nas seguintes.

Prezo público adulto/a menor de 65 anos: 30 €/mes

Prezo público adulto/a maior de 65 anos: 20 €/mes.





Disposición final. O presente prezo público terá efectos a partir da data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e seguirá en vigor ata que se acorde a súa derogación ou modificación expresa.”

Segundo. Unha vez recaído o Acordo do Pleno sobre o establecemento e ordenación dos prezos públicos, publicarase no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello.

Terceiro. Facultar á Alcaldía para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto. (...)”

Recursos: de acordo co artigo 112.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, contra o presente acordo poderase interpor un recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza no prazo de dous meses, que contarán a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, da xurisdición contencioso-administrativo.

Todo isto sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que vostede considere máis procedente e sexa conforme a dereito.

Documento asinado electronicamente. O alcalde.

Asdo.: Amador Díaz Penín.

R. 2.519

